



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 13-223

DENOMINACIÓN:

Expedientes de contratación de consultoría e asistencia.

FUNCIÓN: Administracións Públicas. Xestión económico-administrativa.
Contratación e xestión económica.

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Presidencia. Secretaría xeral Técnica
(12-02-1982/ 31-01-1983).

Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral
de Xestión Económica. Servizo de Xestión Financeira
(1-2-1983/18-10-1983).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira (19-10-1983/11-1-1985).

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira (12-01-1985/19-11-1986).

Consellería da Presidencia = Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira (20-11-1986/13-05-1988).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral da Inspección Xeral de Servizos e de Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa. Servizo de Contratación (14-05-1988/21-05-1990).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Contratación (22-05-1990/17-08-1994).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral.
Subdirección Xeral de Contratación
(18-08-1994/17-12-2001).

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación
(18-12-2001/03-01-2006).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría
Xeral. Subdirección Xeral de Contratación. Servizo de Xestión Económica e
Contratación
(04-01-2006/21-03-2007).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría
Xeral. Subdirección Xeral de Contratación
(22-03-2007/25-05-2009).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría
Xeral. Subdirección Xeral de Contratación
(26-05-2009/02-02-2011).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría
Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa.
Servizo de Contratación

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

13: Expedientes de contratación de consultoría e asistencia



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(03-02-2011/07-12-2012).

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa. Servizo de Contratación
(08-12-2012/).

DATAS EXTREMAS:

1982/

No Arquivo de Galicia. Gaiás: 1984/1996.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: Textual, figurativo e dixital.

SOPORTE: Papel e informático.

FORMATO: Expediente.

FORMA: Orixinal.

VOLUME: 30 unidades de instalación /7, 2 m.l. (Arquivo de Galicia. Gaiás).

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados no proceso de preparación e adxudicación dunha contratación que teña por obxecto:

- Estudiar e elaborar informes, estudos, plans, anteproxectos, proxectos de carácter técnico, organizativo, económico ou social, así como a



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

dirección, supervisión e control da execución e mantemento de obras, instalacións e da implantación de sistemas organizativos.

- Realizar, en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, investigacións e estudos para a realización de calquera traballo técnico, asesoramento para a xestión de bens públicos e organización de servizos do mesmo carácter, estudio e asistencia na redacción de proxectos, anteprojectos, modificacións duns e outros, dirección, supervisión e control na execución e mantemento de obras e instalacións e da implantación de sistemas organizativos, e calquera outras prestacións relacionadas coas anteriores e nas que predominen as de carácter intelectual, en particular os contratos que a Administración celebre con profesionais, en función da súa titularidade académica, así como os contratos para o desenvolvemento de actividades de formación do persoal das administracións públicas.

LEXISLACIÓN:

Estatal

Decreto 932/1965, do 8 de abril polo que se publica o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado (BOE núm. 97, do 23 de abril).

Decreto 916/1968, do 4 de abril de 1968, polo que se regula a contratación de estudos e servizos técnicos con sociedades e empresas (BOE núm. 107, 3 de maio de 1968).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Lei 5/1973, do 17 de marzo, de modificación parcial da Lei de contratos do Estado (BOE núm. 69, do 21 de marzo).

Decreto 1005/1974, do 4 de abril de 1974, polo que se regulan os contratos de asistencia que celebre a Administración do Estado e os seus organismos con empresas consultoras ou de servizos (BOE núm. 97, 23 de abril de 1974).

Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do regulamento xeral de contratación do Estado (BOE núm. 311, do 27 de decembro).

Real Decreto 1465/1985, do 17 de xullo, sobre contratación para a realización de traballos específicos e concretos, non habituais na Administración do Estado os seus organismos organismos autónomos e a a seguridade social (BOE núm. 205, do 27 de agosto).

Real decreto lexislativo 931/1986, do 2 de maio, polo que se modifica a Lei de contratos do Estado para adecuala ao ordenamento xurídico comunitario (BOE núm. 114, do 13 de maio).

Real decreto 2528/1986, do 28 de novembro, polo que se modifica o regulamento de contratación do Estado para adaptalo ao Real decreto lexislativo 931/86, do 2 de maio, e ás directrices da Comunidade Económica Europea (BOE núm. 297, do 12 de decembro).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.
(BOE núm. 119, do 19 de maio).

Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, polo que se desenvolve
parcialmente a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos da Administración
pública (BOE núm. 70, do 21 de marzo).

Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995 do 18
de maio, de contratos das administracións públicas (BOE núm. 311, do 29 de
decembro).

Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto
refundido da Lei de contratos das administracións públicas. (BOE núm. 148,
do 21 de xuño).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o
regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE
núm. 257, do 26 de outubro).

Real decreto 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso
á produtividade e para a mellora da contratación pública (BOE núm. 62, do
14 de marzo).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 28, do 31 de outubro).

Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 118, do 15 de maio).

Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para a adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras (BOE núm. 192, do 9 de agosto).

Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible (BOE núm. 55, do 5 de marzo). (Modifica a Lei 30/2007 na disposición final 16).

Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector públicos (BOE núm. 276, do 16 de novembro de 2011).

Autonómica



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma (DOG núm. 129, 6 de xullo de 1995).

Orde do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 216, 10 de novembro de 1995).

Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, 14 de xullo de 2006).

Orde do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG núm. 115, 16 de xuño de 2008).

Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes (DOG núm. 15, 25 de xaneiro de 2010).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (DOG núm. 31, 16 de febreiro de 2010).

Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (DOG núm. 118, 23 de xuño 2010).

Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se aproba o sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia e se regula o seu procedemento (DOG núm. 169, 2 de setembro de 2010).

PROCEDEMENTO:

Para os expedientes tramitados en base aos Decreto 916/1968, Decreto 1005/1974 e Real Decreto 1465/1985 que serán derogados en 1995 (1982/1995).

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
 - Xustificación da necesidade do contrato.
 - Cláusulas administrativas particulares prescricións técnicas.
 - Comprobación da existencia de crédito.
 - Fiscalización da intervención.
 - Aprobación do gasto.
 - Acordo de iniciación.
- Fase de licitación:





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
- Recepción e certificación das proposicións.
- Actuacións, de ser o caso, da mesa de contratación.
- A) Concurso. (Contratación habitual)
 - Apertura das proposicións e comprobación das mesmas.
 - Elaboración da proposta de adxudicación
 - Adxudicación polo órgano encargado de verificar a contratación.
- B) Contratación directa.
 - Non é necesaria a convocatoria da mesa de contratación.
 - Será preciso a consultar a máis de 3 empresas.
- Adxudicación definitiva.
- Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes (sempre que sexan superiores a 5 millóns de pesetas).
- Recepción da fianza.
- Fase de contratación:
 - Formalización do contrato.
- Fase de execución:
 - Execución e, no seu caso, modificación do contrato.
 - Pagamento.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Para os expedientes tramitados de acordo cos cambios introducidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas

A. Contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado.

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
 - Xustificación da necesidade do contrato.
 - Cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
 - Comprobación da existencia de crédito.
 - Fiscalización da intervención.
 - Aprobación do gasto.
- Fase de licitación: apertura do procedemento de adxudicación:
 - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
 - No caso de procedemento negociado sen publicidade, invitación aos licitadores.
 - Recepción de proposicións e certificación e das mesmas.
 - Tramitación, de ser o caso, ante a mesa de contratación.
 - Apertura de proposicións:
 - A) No procedemento negociado sen publicidade: (no é obrigatoria a mesa)
 - Apertura de proposicións e comprobación das mesmas.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Emenda, no seu caso.
- Elaboración de informe técnico.

B) No procedemento negociado con publicidade:

- Apertura da documentación administrativa e comprobación da mesma.
- Apertura da documentación técnica e económica e valoración.
- Elaboración de informe técnico.

C) Nos procedementos aberto e restrinxido tradicionalmente denominado concurso:

- Apertura da documentación administrativa e comprobación da mesma.
- Apertura da documentación técnica e valoración.
- Elaboración de informe técnico.
- Apertura da documentación económica e valoración

D) Nos procedementos aberto e restrinxido tradicionalmente denominado poxa:

- Apertura da documentación administrativa e comprobación da mesma.
- Apertura da documentación económica e valoración da mesma.
- Resolución.
- Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes.
- Fase de contratación:





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Recepción da fianza.
- Formalización do contrato.
- Fase de execución:
 - Execución e, no seu caso, modificación do contrato.
 - Pagamento.

B. Contratos menores.

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
 - Xustificación da necesidade do contrato.
 - Comprobación da existencia de crédito.
 - Fiscalización da intervención
 - Aprobación e pagamento do gasto facturado.

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

Para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 916/1968, Decreto 1005/1974 e Real Decreto 1465/1985, derrogado en 1995 (1982/1995).

Contratos por concurso e contratación directa.

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Prego de prescricións técnicas.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Xustificantes de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.
- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- De ser o caso, convocatorias da mesa de contratación.
- De ser o caso, actas da mesa de contratación.
- De ser o caso, comunicación aos licitadores da apertura dos sobres.
- Informes técnicos de asesores.
- De ser o caso, acta de adxudicación provisional da mesa de contratación.
- Resolución de adxudicación definitiva do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- De ser o caso, anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.
- Certificación do depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de recepción provisional.
- Acta de recepción definitiva.
- Facturas.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso).

Para os contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado establecidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas.

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- Prego de prescricións técnicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares informado pola asesoría e aprobado polo órgano de contratación.
- Resolución de apertura do expediente.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Xustificantes de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.
- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- De ser o caso, convocatorias da mesa de contratación.
- De ser o caso, actas da mesa de contratación.
- Publicación da data de apertura de sobres
- Informes técnicos de asesores externos de ser o caso (unha mesa pode facer o seu propio informe).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Acta da mesa de contratación de adxudicación coa proposta de adxudicación.
- Resolución de adxudicación do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- Anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.
- Certificación do depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de recepción.
- Facturas.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso)
- Dilixencia da devolución da Garantía Definitiva.

2 – Contratos menores.

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- Facturas
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ORDENACIÓN

Cronolóxica – numérica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos do Arquivo de Galicia:

- PR-CTD(77-96)94-98
- PR130(85-98)99-07act

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Vixente durante a tramitación do expediente, o período de garantía e ata o remate dos prazos de pagamentos ou de extinción do contrato. A este respecto, as normas vixentes ata 1995 (Decreto 1005/1974 e Real decreto 1465/1985), establecían que este tipo de contratos non podía ter un prazo de vixencia superior a un ano, se ben podía preverse a súa modificación e prórroga por mutuo acordo das partes antes de finalizar aquel. Ademais, podían ter vixencia superior cando fosen complementarios doutros contratos de obras. Nestes casos, o seu prazo máximo sería o destes últimos "ou cando o esixa a natureza e circunstancias da prestación".



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

A Lei de contratos das administracións públicas de 1995 ampliou ese prazo máximo ata 4 anos, prorrogable e reducido a dous no caso de traballos específicos e concretos non habituais. Na modificación da lei realizada en 1999, logo recollida no texto refundido de 2000, redúcese outra vez a 2 anos e establécese que a súa duración total, incluídas as prórrogas, non podía exceder os 4 anos, nin estas concertarse, illada ou conxuntamente, por un prazo superior ao fixado orixinariamente.

Ademais, cómpre ter en conta os 4 anos seguintes ao remate do contrato como prazo máximo para a interposición de recurso extraordinario de revisión.

Aqueles expedientes afectados por algún tipo de reclamación ou recurso, non se verán afectados por estes prazos para establecer o seu valor.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Deriva do contrato e dos documentos con el relacionados (pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas) que ligan á Administración co/s contratista/s e constitúen proba de dereitos e obrigas por ambas as dúas partes.

VALOR INFORMATIVO - HISTÓRICO:





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Estes expedientes deixan constancia dos contratos de consultoría e asistencia realizados pola Administración e da participación das empresas adxudicatarias que tomaron parte neles. Á parte da súa diversidade económica, presentan unha grande heteroxeneidade temática que dificulta a súa valoración xeral. Así, poden existir contratacións directas de menor contía pero de grande interese polo seu obxecto e a temática tratada e, viceversa, estudos ou actividades de asistencias e consultorías realizadas con orzamentos altos sen apenas relevancia pola súa singularidade ou para a súa utilización como fontes de información ou investigación.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES

DOCUMENTOS COMPILADORES:





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao arquivo central: ao ano dende o remate da tramitación do expediente.

Ao Arquivo intermedio/histórico: aos 15 anos, os expedientes seleccionados de conservación permanente.

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

ÁREA DE SELECCIÓN

REFERENCIAS AO DITAMINADO POR OUTRAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN:

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

13: Expedientes de contratación de consultoría e asistencia





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Canarias: contratos menores: eliminación total aos 5 anos. Nos restantes contratos: conservación parcial.
Cataluña: conservación permanente.

PROPOSTA:

De acordo cos argumentos expostos na área de valoración, propónse a conservación permanente desta serie e, de forma concreta:

- Conservación permanente de todos os expedientes con especial atención á conservación das memorias, traballos e estudos realizado obxecto da contratación.
- Eliminación dos documentos que acompañan ás proposicións e os documentos acreditativos dos licitadores non seleccionados, poderes persoais, estatutos, DNI, CIF, etc.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contido: as empresas adxudicatarias deberán ser persoas xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

directa co obxecto do contrato e se acredite que dispoñen dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato e, de ser o caso, reúnan os requisitos de solvencia técnica o científica necesarios para o desenvolvemento do traballo que se lles encomenda.

Este tipo de contratos poden adxudicarse:

- Ata 1995 polos procedementos de concurso e contratación directa.
- Despois da Lei 13/1995, de 18 de maio, polos procedementos aberto, restrinxido ou negociado (este último, con ou sen publicidade).

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento: dende o Decreto 916/1968 a forma de realización das adxudicacións dos contratos apenas mudou. A forma ordinaria será por concurso público (art. 4) entre as empresas previamente admitidas como idóneas. Só procederá a contratación nos casos concretos descritos na lexislación (contías inferiores a unha determinada cifra dada, existencia dunha única empresa clasificada para a realización óptima da contratación, por razóns de urxencia, seguridade do Estado...).

ÁREA DE CONTROL

DATA DE ELABORACIÓN: novembro de 2011.

REVISIÓN: outubro de 2013.

